

6.- RELACIÓN FAMILIA-ESCOLA

- A escola colabora coa familia na súa labor educativa.
- Animámoslles a manter unha boa e fluida realación cos mestres e profesionais da escola.
- O titor/a do seu fillo/a debe ser a persoa de referencia. Como mínimo debería manter unha entrevista trimestral para informarse da evolución do seu fillo/a e, se fora preciso, adoptar xuntos as medidas necesarias.
- O orientador/a é un profesional especializado que tamén lles pode asesorar na súa labor educativa.

7.-APORTAR INFORMACIÓN RELEVANTE

- Por último, é preciso que informe ó centro daqueles aspectos do seu fillo/a que poden ser relevantes no contexto escolar.
- É necesario informar acerca de alerxias, problemas de saúde, intolerancias alimenticias ou necesidades educativas especiais.
- Se fora preciso, ten a obriga de informar de situacións legais de custodia e patria potestade, para que no centro se adopten as medidas oportunas.

O COMEZO DA EDUCACIÓN INFANTIL INFORMACIÓN PARA PAIS E NAIS



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
CEIP ANTONIO BLANCO RODRIGUEZ

Basado en jesusjarque.com

Esta información vai dirixida ás familias dos nenos e nenas que comezan o primeiro curso de Educación Infantil neste colexio.

Como pais/nais debemos ter en conta sempre a seguinte información:

1. É UNHA ETAPA EDUCATIVA

- A Educación Infantil é unha etapa que aínda que non é obligatoria, escolariza á maioría dos nenos e nas de 3 anos.
- Ten, fundamentalmente unha función educativa, non é un lugar para que o neno sexa atendido mentres os pais traballan, senón que se trata dunha institución educativa.
- A súa finalidade principal é a de desenvolver as competencias básicas nestas idades , como son a comunicación, a psicomotricidade, o desenvolvemento cognitivo, as relacións sociais e a adquisición de hábitos.
- Aínda que aprenderán moitas outras cousas tamén.

2. O PERIODO DE ADAPTACIÓN

- Durante as primeiras semanas os seus fillos/as terán un período de adaptación. Por iso neste centro se establece un horario no que o seu neno/a comeza asistindo períodos moi breves de tempo ó cole.
- Este período de adaptación ten como finalidade facilitar a adaptación do neno/a a esta realidade moi novedosa para el, e sobretudo a estar separado dos pais e familiares.

3.- PROFESIONAIS DA EDUCACIÓN

- Os maestros e maestras de Educación Infantil son profesionais da Educación.
- Estes maestros realizaron estudos universitarios que os califican para elo e ,tiveron que superar duras probas e exames para acceder a esta praza.
- Por iso, os consellos, a súa opinión e orientacións deben ter para vostedes un peso relevante xa que veñen de un profesional especializado e non poden ser equiparados á opinión de amigos e familiares que non son expertos.

4.- RESPETAR AS NORMAS

- Considere que o seu fillo ou filla non está só. Tanto na aula como no centro hai moitos máis nenos/as e por elo , é preciso establecer unhas normas.
- Respecte os horarios, as normas de entrada e saída, e as que se establezan respecto da roupa que deben traer, o material...
- Ademais o respecto das normas, será un bo exemplo para o seu fillo/a.

5. POTENCIAR HÁBITOS

- A asistencia á escola pode ser un bo momento para que a familia potencie dende a casa, unha serie de hábitos adecuados.
- É un bo momento para mellorar hábitos de alimentación, sono, autonomía persoal e do comportamento en xeral.